DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA N.º 02 / 2024**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

| | |
|---|---|
| **DATA** | Venres, 13 de setembro de 2024 |
| **HORA** | 10:00 horas |
| **LUGAR** | Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo) |
| **ASISTENTES** | • VICEPRESIDENTE: PILAR GARCÍA PORTO<br>• SECRETARIA: LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ<br>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR)<br>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (SUPLENTE)<br>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: ANTONIO AMEIJIDE OSORIO (TITULAR)<br>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA (TITULAR)<br>• GRUPO PROVINCIAL BNG: IRIA CASTRO FERNÁNDEZ (TITULAR)<br>• MANCOMUNIDADE DE A MARIÑA LUCENSE: ROCIO LÓPEZ GARCIA (TITULAR)<br>• AMIGOS DO CAMIÑO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)<br>• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR)<br>• AGAVI: MARIA ANTONIA LÓPEZ FRAGA (SUPLENTE)<br>• FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN<br>• AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)<br>• RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)<br>• RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS J. FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR) |

## ORDE DO DÍA

1º - Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo de 23 de febreiro de 2024.
2º - Estudo, análise e valoración das candidaturas aos Premios de Turismo 2024.

## DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo de San Marcos, sendo as dez horas e doce minutos do 13 de setembro de 2024, reúnense os membros do Consello de Turismo relacionados co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Consello de Turismo convocada ao efecto baixo a Presidencia de Pilar García Porto, quen actúa por delegación expresa da Presidencia da Corporación, motivada na imposibilidade de asistir á sesión.

Actúa como Secretaria Leticia Rodríguez Díaz, en substitución do Secretario Xeral e de conformidade coa habilitación normativa contida no artigo 5 do Regulamento do Consello de Turismo da Provincia de Lugo, publicado no BOP número 202, do 5 de maio do 2018.

Iniciada a sesión, toma a palabra Pilar García Porto, e dá paso aos asuntos contemplados na orde do día, indicando o carácter reservado da sesión segundo o recollido na base novena dos premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", do "Premio Turismo Sostible e dos premios... e para comer Lugo á Gastronomía Lucense para a anualidade 2024 (BOP 128 do 4 de xuño 2024) e solicitando o abandono do salón de plenos a todas as persoas que non sexan membros do Consello de Turismo:

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 23 de febreiro de 2024.**

Pregúntase aos asistentes se desexan realizar algunha puntualización relativa á acta. Ao non pórse de manifesto ningunha cuestión sométese a votación, quedando aprobada por 13 votos a favor de Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Miguel Angel Fernández Méndez, Antonio Ameijide Osorio, Iria Castro Fernández, Rocío López García, Angel Trabada Gómez, José María Seijas López, María Antonia López Fraga, Francisco Xabier Almuiña Chorén, María Nuria Neira Vila, Andrea Macho Benito e Luis J. Fernández Reija e con unha abstención correspondente a José Demetrio Salgueiro Rapa

**2.-Estudo, análise e valoración das candidaturas aos Premios de Turismo 2024.**

Despois das deliberacións do Consello con carácter reservado en relación coas candidaturas presentadas, o Consello acordou por unanimidade propoñer a concesión de dous Premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense á candidatura Ruta dos Lobos da Asociación Fonsagrada Balonpié e a candidatura Complexo Histórico- Recreativo da Mina Consuelo Boulloso do Concello da Pontenova.
A Concesión de dous premios ...E para comer...Lugo á Gastronomía Lucense ás candidaturas Feira do Capón de Vilalba do Concello de Vilalba e Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite de Ribas de Sil do Concello de Ribas de Sil.
A Concesión do premio Turismo Sostible a candidatura Barco Museo Bonitero Reina del Carmen do concello de Burela e o outorgamento dun accésit á candidatura Mostra Exposición de Muimenta.- Moexmu da Asociación de Empresarios de Muimenta.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:27 horas.

| Vº. e pr. | A Secretaria, |
|---|---|
| O Presidente, | |
| P.D. PILAR GARCÍA PORTO | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ |


| | IV7UGXH2NP5S5XRPZVPXMQZU44 | Fecha y Hora | 18/10/2024 11:52:23 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UGXH2NP5S5XRPZVPXMQZU44 | Página | 3/3 |